



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, O MINISTERIO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E RELACIÓNS COAS CORTES, A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN XULGADOS E TRIBUNAIS

Esta Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dotación de medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, á promoción e o desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades, tal e como establece o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, e que seguirá sendo de aplicación con as modificacións introducidas polo Decreto 144/2023, do 9 de novembro.

Antecedentes: Con data 7 de outubro de 2021 asinouse un convenio de colaboración para a realización de prácticas externas en xulgados e tribunais, entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Universidade de Vigo.

Finalidade: Para os efectos sinalados, vaise formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial, co Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes e coa Universidade de Vigo un convenio de colaboración por un período de vixencia de catro anos naturais unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e que poderá ser prorrogable ó seu termo mediante acordo das partes por igual período.

O obxecto deste convenio é a realización de prácticas externas polo alumnado matriculado na materia de prácticas académicas, de estudos oficiais de grao e/ou mestrado que imparte a Universidade de Vigo e sempre de titulacións relacionadas con profesións da Administración de xustiza, nos xulgados e tribunais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

Por unha banda, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a permitir a realización das prácticas externas obxecto do convenio, ase como a facilitar o acceso do alumnado ás sedes dos xulgados e tribunais.

E pola outra banda, a Universidade de Vigo comprométese a que a persoa ou persoas que exerzan a titoría das prácticas no órgano xudicial poidan gozar dos seguintes dereitos:

- Recoñecemento da súa actividade colaboradora mediante certificado que acredite o seu labor como titor de estudantes en prácticas.





- Ser informados da normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- Ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio para o exercicio da súa función.
- Gozar das mesmas vantaxes ca o persoal da Universidade no acceso ás bibliotecas, instalacións deportivas ou actividades culturais, entre outras.

A colaboración que prestan o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes e a Comunidade Autónoma de Galicia estará sempre supeditada ás necesidades e disponibilidades do xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas.

Establécense dúas modalidades de prácticas externas: curriculares e extracurriculares.

O alumnado será proposto pola persoa que exerza a dirección das prácticas externas da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo determinará a duración das prácticas externas.

O xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas nomeará a persoa ou persoas que exerzan de tutores, que fixarán o plan de traballo, orientarán os alumnos e farán un informe avaliando a actividade. O órgano xudicial expedirá un certificado acreditativo da participación dos alumnos.

O convenio non ten contido económico.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,

O director xeral de xustiza

José Tronchoni Albert

